



### CONCELLOS

#### MONFORTE DE LEMOS

##### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA xuño 2023**

Por Xunta de Goberno Local do día 03.07.2023 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de xuño de 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 26.07.2023 ata o 26.09.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2315

##### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 3ªFRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2022-2023**

Por Xunta de Goberno Local do día 03.07.2023 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio 3ª Fracción Cota Trimestral curso 2022 -2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario dende 28.07.2023 ata o 28.09.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2316

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas XUÑO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 10.07.2023 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de xuño 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 04.08.2023 ata o 04.10.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 13 de xullo de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2317

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓN FISCAL**

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA 2023**

**E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 12.07.2023 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana do exercicio 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, LGT, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) Real decreto lexislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 04.08.2023 ata o 04.10.2023.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os

contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 13 xullo 2023.- P.D Decreto de data 21.06.2023. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2318

---

*Anuncio*

**APROBACION PADRÓNS FISCAIS**

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA**

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS**

**2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do 10.07.2023 aprobáronse os padróns fiscais do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica e de características especiais do exercicio 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, LXT, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) Real decreto lexislativo 2/2004, 5 de marzo, polo que se aproba Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 04.08.2023 ata o 04.10.2023.

De acordo co artigo 24 Real Decreto 939/2005, 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 4) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 5) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 6) A través da páxina web do Concello [www.monfortedemos.es](http://www.monfortedemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 13 de xullo 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023. A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2319

---

*Anuncio*

**PUBLICACIÓN LISTA DE EXCLUÍDOS, PROCESO DE PROVISIÓN POLO SISTEMA DE MOBILIDADE DE POSTOS VACANTES NO CORPO DA POLICIA LOCAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

Por Resolución de Alcaldía de data 20/07/2023 aprobouse a lista provisional de excluídos no proceso selectivo, , dita resolución atopase exposta para o coñecemento xeral na Web municipal [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

As/Os aspirantes non admitidos disporán dun prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta lista provisional no Boletín Oficial da Provincia, co fin de enmendar o defecto que motivara a súa non admisión, de ser o caso.

Monforte de Lemos, 20 de xullo de 2023.- O ALCALDE P.D. Decreto de data 21.06.2023 A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria Prada Rodríguez.

R. 2421

## TABOADA

### *Anuncio*

#### ACORDOS DE ORGANIZACIÓN CONCELLO DE TABOADA

**Dase publicidade á parte resolutiva dos acordos de organización adoptados polo Pleno do Concello de Taboada en sesión de data 5 de xullo de 2023, ao abeiro dos artigos 38 e 78 do RD 2.568/1.986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.**

-Periodicidade e horario das sesións plenarias ordinarias: O Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias o último LUNS dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro de cada ano, ás 14:00 horas.

-Crear a Xunta de Goberno Local no Concello de Taboada, visto que non consta como órgano necesario no ROM.

-A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade cada dúas semanas, o Luns , ás 13.30 horas .

-A Xunta de Goberno Local non celebrará sesións ordinarias en períodos vacacionais.

-Coa finalidade de axilizar a marcha da Administración Municipal, delegar na Alcaldía aquelas competencias do Pleno da Corporación que o Art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, en concreto as seguintes:

#### *EN MATERIA ECONÓMICO - FINANCIERA.*

1.- A concertación de operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade e coas limitacións establecidas na Lei Reguladora das Facendas Locais.

2- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos Artigos 114 a 118 do ROF.

-Crear a Comisión Especial de Contas, por vir así esixida legalmente.

-Para garantir un control adecuado e permanente dos asuntos que se someterán ao Pleno da Corporación, á vista das circunstancias concorrentes neste Concello, crear una única COMISIÓN INFORMATIVA dos asuntos do Pleno, denominada “de ASUNTOS XERAIS”, que coñecerá e ditaminará todos aqueles asuntos que non sexan competencia da ESPECIAL DE CONTAS, e dos teña que coñecer o Pleno da Corporación Municipal, ou Xunta de Goberno Local no exercicio de competencias delegadas polo Pleno de ser o caso. Igualmente informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, que sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

-Que de acordo coa normativa aplicable, a composición das Comisións, sexa de CATRO CONCELLEIROS, máis o Alcalde que ostentará a Presidencia, formando parte da mesma 2 concelleiros do grupo do PSG-PSOE e 2 concelleiros do grupo do Partido Popular e 1 concelleiro do BNG, pudiendo designarse suplente por cada titular.

Así, os concelleiros do Partido Popular que formarán a Comisión Especial de Contas son:

- Don Ramiro Moure Ansoar
- Don Pedro Rodríguez González

Os Concelleiros do Partido Popular que formarán a Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

- Don Ramiro Moure Ansoar
- Don David Marey Díaz

En ambas comisións, poderán actuar coma suplentes dos designados calqueira concelleiro do Partido Popular.

Os concelleiros do PS de G-PSOE que formarán parte da Comisión Especial de Contas son:

- Don Roi Rigueira Agromartín

- Don Abel Fernández Rigueira

Os concelleiros do PS de G-PSOE que formarán a Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

- Don Roi Rigueira Agromartín

- Don Roberto García Vázquez

En ambas comisións, poderán actuar coma suplentes dos designados calqueira concelleiro do PS de G-PSOE.

Os concelleiros do BNG que formarán parte da Comisión Especial de Contas son:

- Don José Portela Gómez-Macías

En dita comisión actuarán coma suplentes os concelleiros do BNG indistintamente.

Os concelleiros do BNG que formarán a Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

- Don José Portela Gómez-Macías

Suplente: Don Manuel Diéguez Vázquez

-Concesión da dedicación exclusiva ao Sr. Alcalde, don Roi Rigueira Agromartín, dunha retribución bruta mensual de 2.642,86 euros brutos ao mes en catorce pagas.

Contido mínimo da dedicación: xornada completa de luns a venres pola mañá.

Modificar, en consecuencia, a Base de execución 45 do vixente Orzamento de 2023.

Publicar o presente acordo no BOP de Lugo.

-Concesión da dedicación parcial ao Sr. Tenente de Alcalde, don José Portela Gómez - Macías, dunha retribución bruta mensual de 1.571,43 euros brutos ao mes en catorce pagas.

Contido mínimo da dedicación: media xornada ao día pola mañá ou/e tarde.

Terceiro. Modificar, en consecuencia, a Base de execución 45 do vixente Orzamento de 2023.

Publicar o presente acordo no BOP de Lugo.

-Concesión da dedicación parcial a Don Manuel Diéguez Vázquez, Concelleiro, dunha retribución bruta mensual de 285,71 euros brutos ao mes en catorce pagas.

Contido mínimo da dedicación: 1 hora ao día pola mañá ou/e tarde.

Modificar, en consecuencia, a Base de execución 45 do vixente Orzamento de 2023.

Publicar o presente acordo no BOP de Lugo.

-Unha asignación fixa a cada Grupo Político consistente en 75 euros mensuais por grupo político.

-Unha asignación de 60 € ao mes por Concelleiro.

-Os membros da Corporación, a excepción dos que teñan asignada unha dedicación parcial ou exclusiva, percibirán polas asistencias a plenos, xuntas de goberno e comisións informativas as seguintes contías:

- Asistencias a Plenos: 100 €.
- Asistencia a Xunta de Goberno: 150 €
- Asistencia a Comisión Informativa de Asuntos Xerais: 80 €
- Asistencia á Comisión Especial de Contas: 80 €

-No que respecta a indemnizacións por razón do servizo por traslados fora da localidade:

Dieta Completa - 160,00 € ( xornada completa con pernocta fora do domicilio habitual)

Media Dieta- 80 € ( dieta con manutención, saída fora da provincia)

Media Dieta- 40 € ( dieta con manutención, dentro da provincia)

Gastos de locomoción: 0,19 €/km. ( con presentación de xustificantes).

-Modificar, en consecuencia, a base de execución nº 45 do Orzamento de 2023.

-Designar como representantes do Concello de Taboada en órganos colexiados aos seguintes concelleiros:

A)Representante no CEPEI Santo Tomé do Carballo: Don José Portela Gómez -Macías.

Suplente: Don Manuel Diéguez Vázquez

B)Representante no Premio do Condado de Pallares: Don José Portela Gómez -Macías.

Suplente: Don Manuel Diéguez Vázquez

C)Representante no Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra: Don Roi Rigueira Agromartín.

Suplente: Dona María José Poyán Lamela.

D)Representante no GDR-7: Don Roi Rigueira Agromartín.

Suplente: Don Roberto García Vázquez

E)Representante na mesa de Comercio Local: Don Roi Rigueira Agromartín( presidente);

Don Abel Fernández Rigueira( representante)

Suplente do representante do Concello: Dona María José Poyán Lamela.

F)Xunta Administrativa da Agrupación Taboada-Guntín para o sostemento en común do posto de Secretario-Interventor:

Don Roi Rigueira Agromartín ( Alcalde)

Dona María José Poyán Lamela

Don Abel Fernández Rigueira

Publicar integramente o acordo que resulte no BOP de Lugo , taboleiro de anuncios desta entidade e notificarllo aos órganos respectivos.

Taboada, 13 de xullo de 2023.- O alcalde, Roi Regueira Agromartín.

R. 2320

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA REFERIDAS NO ARTIGO 38.D DO REAL DECRETO 2568/1986**

##### **NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.**

<<PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Taboada ao seguinte Concelleiro membro da Xunta de Goberno Local deste Concello:

1ª.Tenente de Alcalde: Don José Portela Gómez-Macías

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.>>

##### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

<<PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, coa excepción dos permisos referidos a festexos populares e acampadas cuio outorgamento sexa competencia da Alcaldía.

2. Tomar razón das declaración responsables en materia de urbanismo e actividades.

3. A liquidación de toda clase de tributos e demais ingresos de dereito público locais, naqueles supostos nos que a realización do feito impositivo estea estreita e inequivocamente vinculado coas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local .

4. A aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

5. A concesión de licencias de obras e de actividade, así coma a emisión dos oportunos informes que se deberan incurrir nestes expedientes.

6. Resolución de expedientes de apertura e cambio de titularidade de establecementos.

7. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando seña competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento; asemade, as memorias de suministros que se utilicen para a tramitación do expediente de licitación.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da provincia de Lugo, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.>>

**DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ÁREAS**

<<PRIMEIRO: Dar conta das áreas competencia desta Alcaldía:

- 1.- ÁREA DE GOBERNANZA E SERVIZOS, SERVIZOS SOCIAIS.
- 2.- INFRAESTRUTURAS, ESTRADAS E NOVAS TECNOLOXÍAS.
- 3.- INDUSTRIA E INNOVACIÓN, TURISMO E COMERCIO.
- 4.- SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.

SEGUNDO: Efectuar a favor do Tenente de Alcalde, nomeado por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2023, Don José Portela Gómez-Macías, a seguinte delegación de competencias:

- 1.- ÁREA DE IGUALDADE, BENESTAR, SANIDADE.
- 2.- VIVENDA E SOLO, URBANISMO E MEDIO RURAL.
- 3.- CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE.

Facultades que abrangue a delegación:

- Dirección, inspección, impulso e xestión dos servizos e actividades propias das áreas citadas, podendo encomendar tarefas especiais dentro das áreas delegadas aos concelleiros do seu grupo político que en ningún caso suporán facultades de resolución mediante actos administrativos.
- Sinatura de convenios nos expedientes de solicitudes de axudas e subvencións nas áreas obxecto de delegación.
- Conformar propostas de resolución nas materias da súa competencia para a formación da orde do día dos Plenos e Xuntas de Goberno Local, así como propostas de Resolúcións da Alcaldía. Asemade, poderá asinar providencias para impulsar expedientes administrativos.
- Conformar propostas de gasto nas áreas da súa competencia, con posterior validación pola Intervención Municipal, mediante a oportuna retención de crédito.

O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

TERCEIRO: Notificar a Resolución ao tenente de alcalde, sendo necesaria a súa aceptación para que a presente delegación de atribucións sexa eficaz.

CUARTO: De conformidade co disposto nos artigos 44 e 38 do ROF, publicar a delegación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar conta da mesma ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.>>

**NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

<<PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes Concelleiros/as:

- Dona María José Poyán Lamela
- Don José Portela Gómez-Macías
- Dona Patricia María Conde Cobas

SEGUNDO. Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo de súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.>>

**DELEGACIÓNS ESPECIAIS**

<<PRIMEIRO: Sendo as seguintes áreas competencia desta Alcaldía:

- 1.- ÁREA DE GOBERNANZA E SERVIZOS, SERVIZOS SOCIAIS.
- 2.- INFRAESTRUTURAS, ESTRADAS E NOVAS TECNOLOXÍAS.
- 3.- INDUSTRIA E INNOVACIÓN, TURISMO E COMERCIO.
- 4.- SOSTIBILIDADE, MEDIO AMBIENTE, MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.

Realizar as seguintes delegacións especiais:

Don Roberto García Vázquez.

- Sostenibilidade.
- Medio ambiente.
- Montes e industrias forestais.

Dona María José Poyán Lamela.

- Servizos sociais.
- Turismo

Don Abel Fernández Rigueira.

- Industria, innovación e comercio.
- Nuevas tecnoloxías.
- Comunicacións.
- Instalacións enerxéticas

As presentes delegacións inclúen cometidos de dirección interna nos departamentos da área, supervisada a actuación pola Alcaldía, dando conta á mesma do actuado, e non comprende a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo. Sendo as seguintes áreas competencia do Tenente de Alcalde don José Portela Gómez –Macías:

- 1.- ÁREA DE IGUALDADE, BENESTAR, SANIDADE.
- 2.- VIVENDA E SOLO, URBANISMO E MEDIO RURAL.
- 3.- CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE.

Logo de ver a proposta realizada polo Tenente de Alcalde en data 29.06.2023.

Realizar as seguintes delegacións especiais:

Don Manuel Diéguez Vázquez.

- Cultura.
- Deporte.
- Medio rural

Dona María Patricia Conde Cobas.

- Igualdade, benestar y sanidade.

As presentes delegacións inclúen cometidos de dirección interna nos departamentos da área, supervisada a actuación pola Tenencia de Alcaldía, dando conta á mesma do actuado, e non comprende a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados e publicarase no Boletín Oficial da provincia de Lugo, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.>>

Taboada, 10 de xullo de 2023.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2321

## VILALBA

### *Anuncio*

**Procedemento:** Convocatoria e selección de persoal laboral temporal ao servizo da Corporación

**Número de expediente:** 685/2023

**Asunto:** Anuncio do Boletín Oficial da Provincia relativa á convocatoria dun proceso de selección de 1 posto de peona de obras públicas e 1 posto de limpadora.

Por Resolución de Alcaldía número 2023-0490 de data 14 de xullo de 2023, aprobáronse as bases para a contratación temporal de 1 posto de peona de obras públicas e 1 posto de limpadora, ao amparo da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Igualdade, expediente (Expte SI426A-2023-17-00).

- **Tipo de contrato:** Contrato laboral temporal
- **Duración:** 12 meses



- **Sistema selectivo:** Concurso

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende a comunicación por parte da Oficina de Emprego ou do Concello de que as candidatas foron preseleccionadas para estes postos.

Infórmase de que as bases completas están expostas na Sede electrónica do Concello de Vilalba ([www.vilalba.org](http://www.vilalba.org)).

Vilalba 14 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Elba Veleiro Fernández.

R. 2322

## O VICEDO

### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 11 de xullo de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 11 de xullo do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2323

**XERMADE***Anuncio***Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.**

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2023, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados, mediante publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións e suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non se presentaren reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarse aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Xermade, 20 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2404

*Anuncio***Aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito núm. 2023/SC/03**

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2023, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/03, do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 22.410,47€, financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 20 de xullo de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2405

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE BÁRCENA Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DE LA PRESA DE FUENTE DEL AZUFRE PARA USUARIOS HIDROELÉCTRICOS. (LEÓN-LUGO- OURENSE). AÑO 2024.****INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidade con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Bárcena y Tarifa de Utilización de la Presa de Fuente del Azufre para Usuarios Hidroeléctricos, (León-Lugo-Ourense). Año 2024", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores obtenidos en el Estudio son los siguientes:

- **Aprovechamiento de pie de Presa de Bárcena:**

**Canon 0,00392111806 €/Kwh.**

- **Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que no derivan de la Presa de Fuente del Azufre:**

**Canon 0,00107655915 €/Kwh.**

- **Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que derivan de la Presa de Fuente del Azufre:**

**Canon 0,00107655915 €/Kwh.**

**Tarifa ..... 0,00179501015 €/Kwh.**

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente a la fecha de la última de las publicaciones de este anuncio en los Boletines Oficiales de las Provincias de León, Lugo y Ourense, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en:

PONFERRADA. Poblado del Embalse de Bárcena, s/n

LUGO. Ronda de la Muralla, 131

OURENSE. Curros Enríquez, 4-2º

dónde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 29 de junio de 2023.- **EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., Manuel Ignacio Rodríguez Acebes .**

R. 2324

#### *Anuncio*

**ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DEL AGUA PARA EL REGADÍO DEL VALLE DE LEMOS. (LUGO). AÑO 2024.**

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidad con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto y de la Tarifa de Utilización del Agua para el Regadío del Valle de Lemos, (Lugo). Año 2024", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores del canon y la tarifa obtenidos en el Estudio son los siguientes:

#### **Canon de aplicación.-**

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: **82,753348 €/Ha.**

- Parcelas susceptibles de riego con uso: **174,723766 €/Ha.**

#### **Tarifa de aplicación.-**

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: **78,476217 €/Ha.**

- Parcelas susceptibles de riego con uso: **114,848395 €/Ha.**

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 29 de junio de 2023.- **EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A. Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.**

R. 2325

#### *Anuncio*

**ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO PARA USOS DE ABASTECIMIENTO DE AGUA A POBLACIONES. (LUGO). AÑO 2024.**

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidad con lo establecido en el artículo 302 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto para Usos de Abastecimiento de Agua a Poblaciones, (Lugo). Año 2024", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

El valor del Canon obtenido en el Estudio es el siguiente:

**Canon.....0,11447255742 €/m³.**

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 29 de junio de 2023.- **EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A. Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.**

R. 2326

---